



BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA
DO ARQUIVO GALICIA MEDIEVAL

Déborah González¹ – Pedro Basalo Bembibre²

¹ Universidade de Santiago de Compostela, CRPIH


² Universidad de Salamanca, CRPIH

Descrición e obxectivos

Co obxectivo primordial de fomentar o coñecemento das publicacións sobre *Cantigas de Santa María*, lírica trobadoresca e prosa medieval, BiRMED é unha ferramenta dixital de acceso aberto que rexistra a información bibliográfica e facilita a súa localización.

A versión 3.0, presentada en 2022, achega melloras significativas tanto de fondo como de forma. Para a súa execución, entre os seus principais obxectivos destacan:

- A actualización e ampliación de contidos.
- O proceso de *aggiornamento* e revisión conceptual das palabras clave.
- O axuste dos rexistros á realidade bibliográfica dixital.
- A incorporación de elementos hipervinculados.
- A optimización das procuras e da extracción de datos.
- Potenciar as posibilidades das buscas combinadas.
- Mellorar a navegabilidade dentro da base de datos.
- A modernización da interface.



Beneficios de BiRMED 3.0 para a comunidade investigadora

- Facer buscas simples ou combinadas nunha serie de campos de forma moi sinxela e máis intuitiva.
- Combinar múltiples palabras clave, de tal xeito que se optimiza a recuperación de referencias bibliográficas nun determinado ámbito, materia ou temática.
- Orientar na experiencia de busca, xa que as palabras clave principais e máis frecuentes poderán ser directamente seleccionadas nun despregable.
- Atopar contribucións sobre certos títulos da prosa medieval, así como de cada unha das *Cantigas de Santa María*, as cantigas trobadorescas e os autores destas últimas.
- Simplificar a localización de recensións sobre obras igualmente rexistradas en BiRMED. Deste modo, a base de datos contribúe a que se perciba máis facilmente o impacto dunha publicación a través das súas citas e recensións.

Buscas

Autor
 Título
 Ano
 Tipo
 Lingua
 Temática CSM Lírica trobadoresca Prosa
 Palabras clave
 Texto

Para ilustrar as vías de exploración...

A combinación de distintos criterios permitiranos encontrar información bibliográfica de xeito preciso. Por exemplo, con motivo do oitavo centenario de Alfonso X (trobador nº 18), poderíamos obter unha relación de todos os estudos feitos sobre el e a súa corte por parte dun autor determinado, restrinxindo a busca ao ámbito da lírica trobadoresca, coa axuda das palabras clave.

Autor
 Título
 Ano
 Tipo
 Lingua
 Temática CSM Lírica trobadoresca Prosa
 Palabras clave
 Texto

Buscas

	Título	Autor	Ano ↓	Tipo
🔗	A Galiza e os galegos nos cantares e na corte do Sábido	Oliveira, António Resende de	2021	Capítulo dun libro
🔗	A produción trobadoresca de Afonso X: 2. Entre trovadores e jograis galego-portugueses	Oliveira, António Resende de	2015	Artigo
🔗	O Irrequieto Cancioneiro Profano do Rei Sábido	Oliveira, António Resende de	2013	Artigo
🔗	A produción trobadoresca de Afonso X: I. As sátiras à Balteira	Oliveira, António Resende de	2013	Artigo
🔗	D. Afonso X, infante e trovador. II. A produción trobadoresca	Oliveira, António Resende de	2010	Artigo
🔗	D. Afonso X, infante e trovador. I. Coordenadas de uma ligação à Galiza	Oliveira, António Resende de	2010	Artigo
🔗	Na casa de Afonso X. O rei, a corte e os trovadores (abordagem preliminar)	Oliveira, António Resende de	2010	Artigo
🔗	Trovadores portugueses na corte de Afonso X	Oliveira, António Resende de	2001	Capítulo dun libro
🔗	A Galiza e a cultura trobadoresca peninsular	Oliveira, António Resende de	1989	Artigo
🔗	Trovadores portugueses na corte de Afonso X	Oliveira, António Resende de	1987	Artigo en actas

fila(s) 1 - 10 de 10


Tamén podemos perfilar as nosas buscas mediante o uso de varias palabras clave á vez, permitindo achegarnos a referencias bibliográficas tematicamente especializadas. Por exemplo, neste ano santo xacobeo, poderá interesar localizar traballos que, no ámbito da lírica trobadoresca, combinen as palabras clave "Peregrinación" e "Santuarios", e aínda afinala engadindo "Influencias":

Temática CSM Lírica trobadoresca Prosa
 Palabras clave
 Texto

	Título	Autor	Ano	Tipo
🔗	Au commencement était la route et le sanctuaire	Tavani, Giuseppe	2010	Artigo en actas

fila(s) 1 - 1 de 1

Se quere facernos algunha suxestión ou se detectase que falta algunha publicación que debese formar parte de BiRMED, agradeceremos moito o *feedback* ;) (argamed@cirp.gal)



www.cirp.gal/birmed